

**SOLICITUDE MATRÍCULA
PEX – Plan de Estudos Xeral
CURSO 2017/2018**

DATOS DO ALUMNO/A

Apelidos: _____ Nome: _____
Data nacemento: _____ Idade: _____ NIF: _____
Enderezo: _____
Localidade: _____ C.Postal: _____

Horario de saída do centro educativo: _____

DATOS DO PAI/ NAI/ TITOR/A

Apelidos: _____ Nome: _____
DNI: _____
Teléfono: _____ Móbil: _____
Enderezo Electrónico: _____

DOMICILIACIÓN BANCARIA

SI NON (neste caso realizarase o pago das cotas nos 8 primeiros días de cada mes)

Titular _____ DNI _____
IBAN Bancario: _____

INSCRICIÓN NO PLAN DE ESTUDOS XERAL (PEX): De 8 a 15 anos

| Asignaturas | Especialidade na que se matricula |
|-----------------|-----------------------------------|
| Instrumento | |
| Materia teórica | |
| Agrupación | |

¿Ten estudos oficiais previos de Linguaxe Musical?

SI Non Nivel _____

Centro no que cursou estes estudos _____

Observacións _____

Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 20_____

Sinatura do pai/ nai/ titor/a

Consente o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago de Compostela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas de procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

Documentación que deben achegar xunto coa solicitude de matrícula:

- Aquela documentación que indique a Ordenanza de prezos públicos de Santiago como necesaria para beneficiarse das bonificacións ou exencións que se establezan.
- Anexos 1 e 2 (disponibles na EMM, na web do Concello ou no Dpto.de Educación)
- Fotocopia do DNI ou folia do libro de familia onde apareza o alumno/a.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do alumno/a.
- Xustificante bancario de ter satisfeito as taxas de matrícula na conta bancaria se non se está exento do pago: ABANCA ES77 2080 5027 25 3040013618

Normas xerais:

- O pagamento realizarase por meses anticipados dentro dos 8 primeiros días de cada mes. A falta de pagamento dunha mensualidade implicará a baixa automática na escola.
- No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude e antes do primeiro día de clase, o solicitante desistise por escrito do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do importe aboado.
- As solicitudes de baixa deberán ser presentadas sempre por escrito e antes do día 25 de cada mes na EMM. De non ser así cargarase o recibo correspondente ao mes seguinte.
- Ás clases só poderán asistir aqueles/as alumnos /as matriculados/as na Escola, que teñan aboado os importes correspondentes ás taxas de matrícula e as mensualidades nos prazos establecidos. Os usuarios que non teñan pagado as cotas correspondentes serán dados de baixa automaticamente.
- As clases impartiranse nas instalacións da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela (R/ Proxecto Vagalume, 2- CP: 15704, Santiago) durante o curso escolar, respectando os períodos vacacionais do calendario escolar establecido pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia no curso escolar.
- A asistencia ás clases debe ser regular. No caso de ausencias inxustificadas (como máximo 3 por trimestre/materia) ou incumprimento das normas que regula o Proxecto educativo do Centro, a Comisión de Coordinación Pedagóxica tomará as medidas oportunas, incluso a baixa no centro, logo da comunicación e acordo co Departamento de Educación do Concello de Santiago.
- A Estrutura e o Plan de estudos pode facer necesaria a flexibilidade nos horarios (reestruturación de grupos, promoción dos niveis de ensino, audicións colectivas,...) polo que poderán ser modificados ao longo do curso.
- En calquera caso, a preferencia por un horario e/ou profesor/a non é un dereito.
- Só se poderá cambiar de especialidade instrumental por motivos xustificados e previo pedimento razoado por escrito do interesado/a, acompañado do informe do profesor/a, e que deberá ser aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.
- Cando un alumno/a non poida acudir a clase, prégase sempre que sexa posible, que se realice a correspondente comunicación ao centro coa maior antelación posible.
- Para a comunicación co equipo directivo e o profesorado da EMM, deberán respectarse os horarios de atención ao público expostos no taboleiro de anuncios.
- A sinatura do impreso de matrícula conleva a aceptación das normas xerais da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela.

Prezos públicos:

De acordo coa Ordenanza 4.30. Prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música-Modificación aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 31 de outubro de 2012. Publicada no BOP da Coruña de 31 de decembro de 2012

- **Matrícula:** 59,50 €
- **Cuotas mensuais:**
 - Música e Movemento: 35,65 €
 - Especialidade instrumental (curso completo) PEX ou PEPA: 53,50 €
 - Práctica instrumental + actividades instrumentais de conxunto: 42,80 €
 - Formación musical complementaria a práctica instrumental: 35,65 €

Sinatura do pai/ nai/ titor/a

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago de Compostela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas de procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.